



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2022]

1. GUÍA COLEXIAL 2022: ACTUALIZACIÓN DE DATOS

Coma todos os anos, o Colexio vai editar proximamente a *Guía Colexial 2022*. Ábrese un prazo **ata o vindeiro 4 de marzo**, ás 14.00 h, para que os colexiados e colexiadas comuniquen na conta de correo icajuzgado@icasantiago.org calquera actualización ou cambio que desexen facer dos seus datos profesionais. Os cambios posteriores a esta data non serán aplicables na edición deste ano.

Así mesmo, os colexiados/as que desexen incorporar unha fotografía á guía deberán remitirnos unha en tamaño carné xunto cunha autorización para a súa publicación. Unha vez aplicados todos os cambios, o borrador da guía quedará exposto na páxina web durante 5 días para que poida ser revisado e así corrixir posibles erros.

2. XORNADA EN LIÑA: “ESTUDO DO PROXECTO DE LEI DE REFORMA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI CONCURSAL”

En virtude do acordo de colaboración asinado entre o Colexio e a editorial vLex, o vindeiro 3 de marzo ofreceremos unha xornada en liña gratuíta sobre o proxecto de lei de reforma da Lei concursal. Nela analizaranse en profundidade temas como os novos plans de reestruturación e a nova regulación da liquidación, a exoneración do pasivo insatisfeito ou o proceso especial para microempresas e pemes. A dirección desta xornada corre a cargo de Federico Adan Domenech, maxistrado suplente da Audiencia Provincial de Tarragona, catedrático de Dereito procesual da Universitat Rovira i Virgili e director da escola de práctica xurídica do ICA de Tarragona.

Día: xoves, 3 de marzo

Hora: 9.30 a 13:45 h

Modalidade: en liña, retransmitida dende a sala virtual vLex

Inscripción no seguinte formulario:

https://legal.vlex.com/jornada-proyecto-reforma-ley-concursal/?utm_source=stream&utm_medium=webapp&utm_campaign=webinar_concursal

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA de Santiago

Programa:

9.30 a 9.45 h: Presentación

9.45 a 10.45 h: “**Os novos plans de reestruturación**”



Roberto Niño, maxistrado especialista en Dereito mercantil

10.45 a 11.45 h: **“Os novos procesos de liquidación”**

Eduardo Pastor Martínez, maxistrado do Xulgado Mercantil Núm. 3 de Valencia

11.45 a 12.45 h: **“Do beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito á exoneración do pasivo insatisfeito”**

María del Mar Hernández, maxistrada especialista en Dereito mercantil

12.45 a 13.45 h: **“Luces e sombras do proceso especial para microempresas e pemes”**

José María Fernández Seijo, maxistrado do Xulgado Mercantil Núm. 11 de Barcelona

3. OFERTA DE TRABAJO: BOLSA DE TRABAJO TEMPORAL EN CCOO

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia realiza unha convocatoria externa para conformar unha listaxe dirixida a contratacións temporais na súa asesoría xurídica. As persoas candidatas terán que superar unhas probas relacionadas co posto de traballo e mais unha entrevista.

Achégase a convocatoria (PDF).



CONVOCATORIA N.º EXT-01/22

Bolsa de traballo de PERSOAL TÉCNICO/A SUPERIOR: AVOGADO/A

NIVEL ACADÉMICO ESIXIDO:

Titulación universitaria. Licenciatura ou grao en Dereito

REQUISITOS ESIXIDOS:

- Estar Colexiado/a para exercer a profesión de avogado/a (avogado/a exercente).
- Experiencia no posto de traballo.
- Manexo de equipos informáticos (tratamento de textos, folia de cálculo, correo electrónico, internet, etc.).
- Carné de conducir e dispoñibilidade de coche.

VALORARASE:

- Formación específica en Dereito do Traballo e Dereito administrativo.
- Coñecementos en Dereito penal, mercantil e civil
- Experiencia como avogado/a en exercicio
- Lingua galega (falada e escrita)

XORNADA: Tempo completo / Tempo parcial

SALARIO: Segundo convenio colectivo

CENTROS DE TRABALLO: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Viveiro, Ourense, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía de Arousa.

As persoas interesadas enviarán (*) cuberto o formulario de CV que se achega ao Departamento de Recursos Humanos do Sindicato Nacional, facendo constar a referencia da presente convocatoria.

O prazo para a recepción de CV rematará o día 25 DE MARZO (venres).

(*) **Envío de currículos:** rrhh@galicia.ccoo.es

En relación ao chamamento para a realización das probas de selección, haberá un filtro previo polo que as candidaturas presentadas serán valoradas segundo o CV presentado. O Sindicato Nacional resérvase o dereito a convocar ao número de persoas que estime oportuno para a realización dun efectivo proceso selectivo.

NOTA: Para acreditar a titulación, a persoa seleccionada presentará o título académico requirido, e para acreditar a experiencia laboral presentará vida laboral máis os contratos correspondentes

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022



INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA r/ Miguel Ferro Caaveiro, n.º 8, 15707 Santiago de Compostela
Datos contacto do DPD	Contacto correo e.: dpd@ccoo.es
Usos e finalidades dos datos	<i>Xestión do proceso selectivo no que poida ser incluído para a provisión de posto de traballo na entidade. Para tales efectos, expresamente consente e autoriza a realización de cantas probas de carácter profesional, sociolóxico, psicolóxico e de aptitude sexan precisas para a determinación do seu perfil profesional, así como a pedir referencias respecto aos datos achegado no currículo.</i>
Prazo de conservación	<i>O currículo, salvo que Vde. exerza a supresión ou oposición, poderá conservarse para futuros procesos de selección en posto de traballo da entidade, na área da súa formación académica e/ou profesional, pasando a formar parte o/a candidato/a dunha bolsa de emprego. En todo caso, o responsable do tratamento non asume responsabilidade pola falta de veracidade e actualización da información achegada. E, así mesmo, resérvase a facultade de eliminar ou destruír a información que puidese ter nos seus ficheiros, en calquera momento e sen previo aviso.</i>
Lexitimación	<i>Os datos son tratados sobre a base do consentimento manifestado mediante a entrega ou envío do currículo.</i>
Destinatarios dos datos	<i>Os datos non serán cedidos, salvo autorización expresa da persoa interesada.</i>
Dereitos	<i>Vde. poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión ou, se for o caso, oposición. Para exercitar os dereitos deberá presentar un escrito no enderezo sinalado no apartado "Datos de contacto do DPD", dirixido á Delegada de Protección de Datos. Deberá especificar cal dos devanditos dereitos solicita que lle sexa satisfeito e, á súa vez, deberá acompañarse da fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente. En caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén un documento que acredite a representación e documento identificativo deste.</i> <i>Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).</i>